Makinaria

Carlos Negro

ROEDORES DO CAUCHO

Chegan da noite queimando goma,

fllipados de euforia e decibelios,

coa gasolina inxectada en vea.

Logo, malotes de discoteca,

descenden do carro maqueado,

co seu toque de bakala na fala,

arrastrando o ese como serpes,

coa roupa axustada ás tatuaxes,

marcando paquete e territorio,

feroces como galos de pelexa.

Hoxe, drogados de adrenalina,

eternamente con dezaoito anos,

sóñanse duros e invisibles,

alleos ao tributo do destino:

irán ficando aos poucos na cuneta,

coa morte a rondar o seu cerebro,

as neuronas gripadas para sempre.

Carlos Negro, *Makinaria* (Editorial Xerais, 4ª edición, 2015; ISBN: 978-84-9782 553-5)